

NOTA DE PRENSA

ASGADeD CONSIDERA MOI POSITIVO O INCREMENTO DA FINANCIACIÓN ESTATAL DA DEPENDENCIA QUE ESTABLECE O RDL 17/2026, E PIDE A TODOS OS PARTIDOS POLÍTICOS GALEGOS QUE VOTEN A SÚA VALIDACIÓN NO CONGRESO DOS DEPUTADOS.

10/07/2026

Ademais, a Asociación Galega en Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade (ASGADeD) pídelle ao Goberno Central que siga incrementando a participación estatal na financiación da dependencia até cumprir co seu compromiso de chegar a aportar o 50% do total do financiamento público desta. Paralelamente pídelle á Xunta de Galicia que non aproveite o incremento dos fondos estatais para rebaixar a súa aportación á financiación global da dependencia e que, pola contra, aproveite ese incremento da financiación para potenciar a creación dun patrimonio galego de infraestruturas de dependencia (residencias, centros de día, SAF, ...) de titularidade, xestión e provisión plenamente públicas.

O pasado 23 de xuño, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto Lei (RDL) 17/2026, de medidas extraordinarias para o fortalecemento e consolidación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Este RDL incrementa dun xeito importante a financiación do SAAD por parte da Administración Xeral do Estado (AXE). O texto que, xa entrou en vigor o 25/06/2026, debe ser obrigatoriamente validado, mediante votación no Congreso dos Deputados, antes do 23 de Xullo deste ano.

Os incrementos da financiación da dependencia recollidos no RDL afectan ás contías do chamado Nivel Mínimo de Protección que o Estado transfire ás CCAA

por cada persoa que ten recoñecido un grao de dependencia, e supoñerán un incremento do 18% no caso das persoas con Grao I de dependencia (Dependencia Moderada), do 100% para as persoas con Grao II (Dependencia Severa), e do 128% para as que teñen o Grao III (Gran Dependencia).

A nivel estatal, este incremento de financiación será, desde o 01/07/2026 e até o final de ano, de 2.218 Millóns de Euros (M€), e chegará aos 3.928 M€ para o ano 2027. Deste xeito, [estímase que gasto da AXE no SAAD](#) pasará dos 3.757,7 M€ de 2025, aos 5.513,8 en 2026 e a 7.239,4 en 2027.

Na Galiza, a 31/05/2026, hai 93.057 persoas que reciben prestacións do SAAD, e segundo [estimacións publicadas](#), a Xunta de Galiza verá duplicados os fondos estatais do SAAD ao pasar, para cada un dos 6 meses restantes de 2026, dos 15 M€ a 30 M€ mensuais; é dicir, a aportación estatal á dependencia se duplicaran desde os 180,6 M€ dos 6 primeiros meses do ano, até os 360,9 M€ que a Xunta recibirá nos últimos 6 meses do ano.

Para a Asociación Galega na Defensa do Sistema Público da Dependencia e a Discapacidade (ASGADeD), **o incremento substancial da financiación estatal do SAAD que abre o RDL 17/2026 é unha moi boa nova**, porque ocorre nunha situación no que o infrafinanciamento da dependencia é unha das eivas máis importantes do sistema galego de dependencia, que reduce gravemente tanto a calidade da atención prestada ás persoas usuarias como as condicións salariais e laborais das persoas que traballan no sistema. Este infrafinanciamento reflíctese no feito de que o Estado Español só lle dedica á dependencia o 0,8% do seu PIB, mentres que a media dos países da Unión Europea se sitúa en aproximadamente o 2%, e os países do Norte de Europa sobordan claramente o 3% do PIB dedicado á Dependencia. Nesta situación, desde ASGADeD, queremos deixar claro que **consideramos excesivo o triunfalismo do Goberno Estatal**, quen chegou a cualificar de “refundación do sistema de dependencia” como consecuencia da aprobación do RDL, e que **consideramos claramente inadecuada e mesquiña a valoración da Conselleira de Política Social e Igualdade** que chegou a cualificar o RDL de “papel mollado”, cando a realidade é que incrementa dun xeito substancial o financiamento do sistema galego de dependencia.

ASGADeD considera que o RDL 17/2026 é un importante paso adiante no obxectivo de conseguir que o financiamento da dependencia chegue ao 2% do PIB , e con ese obxectivo:

- Felicitamos ao Goberno Central pola aprobación do RDL 17/2026.
- Pedímoslle a todos os partidos políticos galegos que, na votación que terá lugar no Congreso dos Deputados, voten a favor da validación dese RDL.
- Reclamámoslle ao Goberno Central que coa máxima celeridade cumpra o seu compromiso coa Xunta de Galicia de financiar o 50% do investimento en Dependencia, obxectivo do que aínda fica lonxe, malia aos incrementos establecidos no RDL 17/2026.

Ao tempo, desde ASGADeD, **pedímoslle á Xunta de Galicia que rexeite a tentación de repetir a súa actuación no caso do Plan de Choque estatal 2021-2023, e non aproveite o incremento da aportación estatal para rebaixar a aportación autonómica ao financiamento da dependencia como fixo con ocasión daquel Plan de Choque Estatal.**

Por outra banda, en ASGADeD preocúpanos moito como vai a utilizar a Xunta os novos fondos aportados pola AXE e para afondar nalgunhas das políticas actuais máis regresivas que ven aplicando en dependencia, como son as seguintes:

- estase a construír un sistema público de dependencia de baixo custe (“low cost”),
- existe un importante traspaso acrítico de fondos públicos ás empresas privadas da dependencia, así como un deixalas facer (“laissez faire”) practicamente o que queiran, e tamén
- permítese que ás familias lles resulten carísimos os custes dos servizos de dependencia, o que xenera unha importante drenaxe de recursos económicos desde as familias ás empresas privadas da dependencia.

Exemplo claro de que a Xunta está a construír **un sistema público de dependencia “low cost”,** de mala calidade, témolo no descarado **fomento das prestacións económicas en detrimento da creación e prestación de servizos públicos de dependencia,** unha estratexia que está en aberta contradición co establecido no artigo 14 da Lei de Dependencia (Lei 39/2006, de promoción da

autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, LAPAD) na que se estipula que os servizos teñen prioridade sobre as prestacións económicas. En aberta contradición co establecido na LAPAD, a Xunta está a priorizar a Prestación Económica Vinculada ao Coidado na Contorna Familiar (PEVCCF ou “bono do coidador”) e a Prestación Económica Vinculada ao Servizo (PEVS de Residencias, de SAF, de CD) por riba da oferta de servizos que a Lei recomenda. As prestacións económicas, lonxe do carácter excepcional que lles asigna a Lei de Dependencia, foron medrando progresivamente e en 2025 supuxeron o 30% do gasto da Xunta en dependencia. Nese ano, e con respecto ao ano previo, o número de persoas que recibiron prestacións económicas como única prestación, incrementouse substancialmente, e as persoas que recibiron unha PEVCCF incrementáronse nun 74%, e as que recibiron unha PEVS (de residencias, centros de día, SAF, ...) incrementáronse nun 29%. E isto, mentres que se reducían as persoas que foron atendidas polos servizos de dependencia (sobre todo no SAF ou nos cetros de Día).

Por outra banda, **a política da Xunta semella ter renunciado a ir incrementando o patrimonio público dedicado á atención á dependencia e, pola contra, a cerna da súa estratexia semella ser a de iralles transferindo cada ano unha parte progresivamente maior do seu orzamento en dependencia**, estimándose que no ano 2026 a Xunta transferirá ás empresas privadas da dependencia aproximadamente 555 Millóns de Euros, o que ven a representar aproximadamente un 64% do seu orzamento total en dependencia (estimado nuns 865 M€). Globalmente pode afirmarse que as empresas privadas da dependencia fan suculentos negocios na Galiza.

Ademais, na Galiza **existe un importantísimo déficit de infraestruturas públicas de dependencia** (residencias, centros de día, ...) de titularidade pública, consecuencia de que a Xunta simplemente non as crea e, como paralelamente existe unha enorme demanda desas infraestruturas e unhas grandes listas de espera para acceder a elas, **a maioría das familias non teñen outra alternativa que recorrer ás entidades privadas da dependencia que non son precisamente baratas**, chegando o custe mensual dunha praza nunha residencia nas zonas máis urbanizadas do país a superar amplamente os 3.000

euros/mes. Xérase así un fluxo de recursos desde ás familias das chamadas “clases medias” cara as empresas privadas das residencias, difícil de cuantificar mais que supoñen moitos centos de millóns de euros ao ano.

Desde ASGADeD consideramos que apoiándose no incremento (duplicación) dos fondos da AXE e en liña cos obxectivos que se agardan acadar con este incremento:

1. A Xunta debe **avanzar na creación dun patrimonio de infraestruturas públicas de dependencia** (residencias públicas, centros de día, ...) de titularidade, xestión e provisión plenamente públicas.
2. A Xunta debe **facerse cargo progresivamente da xestión directa cotián do SAF nos Concellos que o desexen**, así como **incrementar a intensidade horaria** deste servizo. A “estratexia de desinstitucionalización” é papel mollado sen un SAF forte.
3. A Xunta debe **acabar coa penuria de recursos humanos e materiais que existe na actualidade nas Comisións de Avaliación** da Dependencia e Discapacidade.
4. A Xunta debe **incrementar substancialmente, por lei, as ratios de traballadores/pacientes nas residencias e centros de día**, como único xeito de garantir o incremento da calidade da atención ás persoas en situación de dependencia que nelas reciben atención e a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras.
5. A Xunta debe **esixirlles ás empresas privadas da dependencia que melloren as condicións laborais e salariais** das persoas que traballan nela, sobre todo cando se asinen os correspondentes convenios.
6. A Xunta debe **consolidar os servizos de teleasistencia** que deben estar dispoñíbeis para todas as persoas dependentes.
7. A Xunta debe **reforzar os Servizos de Inspección da Consellería de Política Social**, para asegurar que poidan realizar a súa función coa independencia e rigor e poidan garantir que o incremento de financiamento pública redunde nunha mellora da calidade dos servizos e das condicións laborais do persoal que traballa no sector, e non nun incremento dos beneficios dos operadores privados da dependencia..



Asociación Galega na Defensa
do Sistema Público de
Dependencia e Discapacidade

ASGADeD